

RETRANCA 
presenta

FITO&PITA


Guión e debuxos: Alberto Guitián
Edita: Retranca Editora
Colección Retranqueira #2
Galego. 64 páxinas a cor.
Rústica. Formato 15 x 20 mm
Recomendado para lectores adultos
Á venda o 1 de Xuño.
PVP: 7 €



O segundo album da Colección Retranqueira recompila as tiras de **Fito e Pita**, a BD de Alberto Guitián que se ven publicando na revista **Retranca**. O volume contén 12 páxinas material inédito, entre elas "A estrana Viaxe de Ramiro Pita" e biografías non oficiais dos protagonistas.

Retranca é unha revista mensual de humor galego editada por Kiko da Silva que leva dende novembro do 2007 facendo rir a todos os galegos. En 2008 recibiu o Premio do público no Saló do Cómic de Barcelona e conta con milleiros de seguidores galegos de todas as idades. www.retranca.com

**Coñeza a
idílica
parroquia de
Matanzos da
man de
Fito e Pita,
os xubilados
máis macarras
a este lado do
Telón de
Grelas.**



Adolfo Torrado e Ramiro Pita son dous vellos galegos que viven a xubilación a golpe de **drogaína, sexo e bacallao**. Entre os dous xuntan máis de 170 anos pero manteñen inexplicablemente a bravura de 17, non hai quen os tumbe a *solisombras* e sempre están a buscar acción: Afters, raves na pendella, marisco, colesterol, apostas kamikazes, revolcóns na palleira... en poucas palabras: ferro a fondo. Despois de ler Fito & Pita coñecerás o **lado salvaxe da chousa**.

“Un exemplo para a xuventude” Keith Richards

Matanzos, pequena parroquia nalgún lugar do rural galego, é o escenario das fechorías destes fenómenos. Outros veciños ilustres de Matanzos son **Lourdes**, dona de Fito e pulpeira de oficio; **Fátima**, fashion-victim e parella de Pita; **Don Cariote**, cura de Matanzos e exorcista heavy-metal, **Futuriño**, enterrador da aldea con poucos fervores; **Senén Berbetouros**, tratante de gando e megalómano con debilidade polas xuvencas ou **Don Fandiño**, alcalde pedáneo de Matanzos dende hai 30 anos.



GUITIÁN

Fito e Pita é un dos traballos máis personais de **Alberto Guitián**, que define a serie como “unha comedia agrotóxico-costumista”. A través dunha estética *cartoon* a tira ofrece unha ollada ácida e delirante da Galiza actual. Fito & Pita (como non podía ser doutro xeito) foi concebida en galego desde a súa creación, e isto queda patente nos diálogos, escuetos pero cheos de *repinique* 100 % galaico. A recompilación das tiras en álbum é unha estupenda ocasión para paladear o universo *Matanzos* ben concentrado e con todo o sabor. Ladies and gentlemen, preparen o peito.

“I loved it” Rocco Varela

Retranca Editora • Tel: 886 20 83 62 • www.revistaretranca.com • revista.retranca@gmail.com

Alberto Guitián • Tel: 609 029 062 • <http://albertoguitian.blogspot.com> • albertoguitian@gmail.com

...e pásate de cando en vez por WWW.MATANZOS.COM

